

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS REGULADORAS DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATAÇÃO DO SERVIZO RELATIVO Á ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS FORMATIVOS DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

1º.-OBXECTO

É obxecto deste procedemento negociado a contratación do servizo relativo á organización e desenvolvemento dos cursos formativos do Centro de Información á Muller (bolillos, bordado e bailes de salón). Óptase polo sistema de procedemento negociado como forma de adxudicación ó amparo do disposto no art. 158.e da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (LCSP, en diante).

2º.-ORZAMENTO

O orzamento máximo do contrato é de 30.740,77 € As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento.

A presente actividade docente está exenta de IVE (artigo 20 da Lei 37/1992 e artigo 5 do RD 1624/1992).

Este servizo financiaráse íntegramente con fondos municipais, con cargo á partida que corresponda no orzamento municipal en vigor.

3º.-PREZO DO CONTRATO

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación. A tódolos efectos entenderáse que nas ofertas e nos prezos ofertados atoparánse incluídos tódolos gastos que a empresa debe de levar a cabo para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais financeiros, beneficios, seguros, transporte e desprazamentos, taxas e toda clase de tributos.

4.-DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato terá unha duración de cinco meses.

5º.- PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Estarán facultadas para optar ao procedemento negociado as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias expresadas no art. 49 da Lei de Contratos do Sector Público, cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, acrediten a súa solvencia económica, financeira, técnica e dispor dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os interesados poderán presentar as súas ofertas por si ou representados por outra persoa con poder bastante ou documento que xustifique de modo legal a personalidade para xestionar en nome e representación da súa poderdante. Cando en nome dunha sociedade concorra algún representante da mesma, deberá xustificar igualmente a representación mediante poder.

En ambos os casos o poder deberá de ser bastantado para este procedemento negociado polo Secretario da Corporación, para o que se presentará previamente no Departamento de Secretaría.

6º.-GARANTÍAS

De conformidade co previsto no artigo 83.1 da Lei de Contratos do Sector Público, quen resulte adxudicatario provisional do contrato deberá acreditar a constitución, no prazo fixado no artigo 135.4 da LCSP, dunha garantía do 5% do importe de adxudicación.

Non se esixe garantía provisional.

A devandita garantía prestarse por calquera dos medios previstos no artigo 84.1 da LCSP.

Os avais ou seguros de caución deberán constituírse con arranxo ao establecido nos artigos 55 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produciu o vencimento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato ou resolto este sen culpa do contratista.

7º.-OFERTAS

As ofertas presentaránse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ó público, no prazo que se indique no convite a participar.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida, neste caso, pola Secretaria municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décima da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as solicitudes por el subscritas.

As proposicións, en tres sobres pechados, presentaranse en horas de 8 a 15 horas no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello, en man ou por correo, neste caso previo o cumprimento dos requisitos sinalados no art. 100 do Real Decreto 1098/2001.

Sobre A: Subtitulado "*Documentación administrativa*".

Conterá os seguintes documentos:

1. O que acredite a personalidade do empresario. Se a empresa é persoa xurídica, a escritura de constitución coas súas modificacións, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

Para os empresarios individuais, o DNI.

2. Poder bastantado polo Secretario da Corporación, cando se actúe en representación de persoas físicas ou xurídicas ou documento público que acredite a representación.

3. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar. Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias (con este Concello) e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba de

presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se efectúe ésta

4. Xustificación de que a finalidade ou actividade do licitador ten relación directa co obxecto do contrato.

5. Xustificación da solvencia técnica ou profesional, que se acreditará por algún dos medios establecidos nos arts. 67 apartados a) e e) da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, en concreto:

- relación dos principais traballos ou servizos realizados nos últimos 3 anos que inclúa importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos, acreditados do xeito recollido no apartado a) do citado artigo.

- declaración do licitador de dispor de organización con elementos persoais e materiais suficientes para a súa debida execución, concretándose como nivel mínimo de recursos humanos destinados á prestación do contrato un equipo de 3 persoas, entre as cales un deles sexa titulado superior.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 124.1 da L.C.S.P., os licitadores deberán indicar a información considerada confidencial da oferta presentada.

Sobre B: Subtitulado "*Proposición económica*".

Conterá a proposición económica, axustándose ó seguinte modelo:

D/D^a.....con domicilio
en.....e con DNI nº....., en plena posesión da súa
capacidade xurídica e de obrar en nome propio (ou en representación
de.....), toma parte na contratación do
servizo.....para o que fai constar:

1.- Ofrécese executar o servizo polo prezo deeuros.

2.- Declara baixo a súa responsabilidade non atoparse incurso/a en ningunha prohibición de contratar, de conformidade co art. 46 LCSP, nin en ningunha das causa de incompatibilidade, de conformidade coa normativa vixente e, en particular, coa Lei 25/1983 do 26 de decembro sobre incompatibilidades de altos cargos, e coa Lei 53/1984 do 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

3.- Declara que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, extremos que acreditará coas correspondentes certificacións no caso de resultar adxudicatario.

4.- Acepta expresamente o prego de cláusulas administrativas que obran no expediente.

5.- Realiza tódalas devanditas declaracións baixo a súa responsabilidade consciente de que a falsidade nas mesmas entrañaría, no seu caso, un delito de falsidade en documento público.

Burela,de.....de 2010
O/A LICITADOR/A

Sobre C: Subtitulado "Documentación técnica".

Documentos que permitan valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

8. ASPECTOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN COA EMPRESA

Para a valoración das ofertas e a determinación da economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación:

Prezo e Cualificación do persoal adscrito ó contrato.

9.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario desta e actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, polo menos catro vogais, entre os cales estará o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos desta.

A Mesa de Contratación estará composta polos seguintes membros:

-Presidente: o da Corporación ou concelleiro en quen delegue.

-Vogais:

-A Concelleira de Benestar, Igualdade, Cultura e Deporte.

- A interventora municipal.
- A Secretaria municipal.
- Secretario: Un funcionario de Administración xeral do Concello.

10. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

11. APERTURA DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN PROVISORIA

Nos procedementos negociados, a adxudicación provisoria concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

O órgano de contratación adxudicará provisoriamente o contrato a oferta máis vantaxosa, podendo solicitar os informes técnicos e xurídicos que coide convenientes. A adxudicación provisoria do contrato deberá publicarse no Perfil de contratante. A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do candidato proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

12. GARANTÍA DEFINITIVA

Os que resulten adxudicatarios provisionais dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de

aforros, cooperativas de crédito, establecimientos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España que deberá depositarse nos establecimientos sinalados, na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecimientos sinalados na letra a anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprira satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

13.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

O órgano de contratación previo os informes técnicos que considere oportunos, valorará no seu conxunto as distintas ofertas e logo de negociación de aspectos económicos e técnicos, no seu caso, adxudicará o contrato motivadamente.

No caso de que o empresario proposto como adxudicatario non presentase coa oferta as certificacións acreditativas de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato, constituír a garantía que no seu caso sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, agás que se estableza outra cousa nestes pregos.

Realizada a adxudicación do contrato, procederase a devolución da garantía provisoria prestada polos candidatos, agás a correspondente ao adxudicatario, que quedará retida ata a constitución da garantía definitiva.

14.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación definitiva; constituíndo o devandito documento, é título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a súa resolución, así como a incautación da garantía provisoria que no seu caso se constituíse.

15. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dera ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

16.- REVISIÓN DE PREZOS

Neste contrato non existe revisión de prezos dadas a súas características e prazo duración.

17. PRAZO DE GARANTÍA

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía dun mes, a contar dende a data de recepción ou conformidade do servizo ou traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o servizo ou traballo realizado se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularan reparos aos servizos ou traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía se acreditase á existencia de vicios ou defectos nos servizos ou traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar o contratista a súa subsanación.

18. EXECUCIÓN DO CONTRATO

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.

19. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Cando como consecuencia das modificacións do contrato de servizos acordadas conforme ao establecido no artigo 202 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, se produza aumento, redución ou supresión das unidades de equipos a manter ou a substitución duns equipos por outros, sempre que os mesmos estean contidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito algún, en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de equipos, a reclamar indemnizacións polas devanditas causas, sempre que non se atopen nos casos previstos na letra c) do artigo 284 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

As condicións en que poderá producirse a modificación de acordo co establecido anteriormente deberá de recollerse neste prego e no documento contractual.

20. PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO

-Cando o contratista, por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 50 céntimos por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

-Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais abondos para iso, imporanse penalidades na proporción de 1 ao 5% do prezo do contrato, en relación coa gravidade da falta.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non se poidan deducir das mencionadas certificacións.

21.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 206 e 284 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

22.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerase polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdicional Contencioso-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Burela, 12 de xaneiro de 2010

O Alcalde

Asdo: Alfredo Llano García